



**CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E AS  
FEDERACIÓNS DEPORTIVAS PARA A CONCESIÓN DA UTILIZACIÓN DAS  
INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL "O COUTO" (OURENSE)**

En Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2016

**R E U N I D O S**

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Os Srs . D.José Manuel Rey Alvela, en nome e representación da federación de Pesca, co C.I.F V15141328, D. Antonio Posada Prieto, en nome e representación da federación de Hockey, co C.I.F. V32172058, D. Javier Caldas Otero, en nome e representación da federación de Fútbol Sala, co C.I.F. V15125206, D. Francisco Martín Micó, en nome e representación da federación de Baloncesto, co C.I.F. V15115306, D. Miguel Barreto Lorenzo, en nome e representación da federación Deportes de Invierno, co C.I.F. G32023665, D. Rafael Louzan Abal, en nome e representación da federación de Fútbol, co C.I.F. G15055890, D. Jacobo M. Pereira Vázquez, en nome e representación da federación de Esquí Náutico, co C.I.F. G32185738, D. José Luis Miguelez López, en nome e representación da federación de Colombicultura, co C.I.F. G32133951, D. José Ángel Luna Bargo, en nome e representación da federación de Voleibol, co C.I.F. V15067978, D. José Manuel Estévez Feijoo, en nome e representación da federación de Ximnasia, co C.I.F. G32023210, D. Isidoro Hornillos Baz, en nome e representación da federación de Atletismo, co C.I.F. G15103500, D. Antonio García Reinoso, en nome e representación da federación de Caza, co C.I.F. V15117849



COM普SADO  
Concorda co orixinal  
13 JUN. 2016  
Fco Javier Rodríguez López

## EXPOÑE

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril (BOE de 28 de abril de 1981), a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), competencia que é desenvolvida pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG de 13 de abril).
- II. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é titular do campo de fútbol de O Couto, consonte ao Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo de traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
- III. Segundo o artigo 41.1 da Lei 5/2011 "A competencia para o outorgamento de autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que non veña especificamente determinada por unha norma con rango de lei corresponde á persoa titular da consellería á que se atopen adscritos"
- IV. Pola súa banda, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no seu artigo 5.1, atribúe á Administración autonómica o exercicio, entre outras, da competencia para "ordenar e, de ser o caso, xestionar as instalacións e os centros deportivos que teña adscritos". De conformidade co artigo 5.2 da Lei do deporte de Galicia "As competencias indicadas na alínea anterior exerceránse, nos termos establecidos nesta lei e, se é o caso nas súas normas de desenvolvemento, os órganos administrativos que determinen as normas de organización e funcionamento da Xunta de Galicia"
- V. O art. 5 do decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG de 14 de xuño), establece que a Secretaría xeral para o Deporte é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes, sen prexuízo das demais competencias que teña legal ou regulamentariamente atribuídas.
- VI. Segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, art. 51.1, as federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar cun ámbito de actuación que se estende á Comunidade Autónoma, e nas que se integran os clubs, as seccións deportivas, os deportistas, os técnicos, os xuíces, os árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuir ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva.



COPIA PULGADO  
duplicada co orixinal  
13/07/2016  
Inés Rodríguez López  
2

Asemade, e seguindo tamén o establecido na norma legal As federacións deportivas teñen a consideración de entidades de utilidade pública, o que comporta os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación: art. 53.3.

VII. No tocante ás funcións das federacións deportivas, a norma establece que, ademais daquelas que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, estas entidades exercen, por delegación da Administración pública autonómica e en virtude da propia Lei, as funcións públicas de carácter administrativo contempladas no art. 56.4. da norma, actuando nese punto como axentes colaboradores da Administración, e baixo a súa tutela e coordinación: art. 51.4.

Finalmente, compre dicir tamén que na Comunidade Autónoma de Galicia só existe unha federación deportiva por modalidade deportiva recoñecida (art. 51.5).

VIII. O artigo 40.1 da Lei 5/2011 establece que "O outorgamento das concesións demaniais efectuarase en réxime de concorrencia. Non obstante, pode acordarse o outorgamento directo cando concorran os supostos previstos no artigo 77 desta lei ou cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas.

No artigo 77 b) establecese como causa facultativa para acudir ao procedemento de adxudicación directa "Cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública ou interese social"

IX. Dende os anos 1972-73 foi construído o edificio no que actualmente se ubica a sede da Xunta de Galicia en Ourense na Avda. De la Habana nº79, como sede da Xefatura Provincial do Movemento e das Delegacións Provinciais de Xuventude, Delegación Provincial da Sección Feminina e Delegación Provincial de Deportes coas súas Federacións Deportivas.

A partires do decreto de traspaso de transferencias (Real Decreto Lexislativo 2334/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, BOE nº 235 do 1 de outubro de 1982), a titularidade destas instalacións pasaron a ser da Comunidade Autónoma de Galicia pero se mantiveron as condicións de ocupación das Federacións, condicións que supoñían que os gastos de mantemento, luz, auga e calefacción, e limpeza son sufragados pola Xunta de Galicia.

No ano 2003 as Federacións e Delegacións Ourensás foron trasladadas a uns novos locais nas mesmas condicións das que viñan disfrutando na Rúa Noriega Varela, 12 en Ourense.

Debido a que se están habilitando novas oficinas no estadio do Couto, trasládanse estas Federacións Deportivas para as mesmas dando contido a esta resolución de concesión demanial.





X. De acordo co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas e co artigo 40.2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, non concorre nas Federacións Deportivas sinaladas, ningunha das prohibicións de contratar reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e que imposibilitarían que este ostentase a condición de titular dunha concesión demanial.

No caso de que posteriormente ao outorgamento da concesión, o titular incorra nalgúnha das prohibicións de contratar, producirase a extinción da concesión.

A tal efecto, as partes subsciben o presente convenio que se suxeitará as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do Convenio.

O obxecto do presente convenio é:

- Establecer as condicións que regulan a concesión demanial que se outorgan as Federacións Deportivas que se especifican no cadro para, o establecemento da sede das mesmas, sobre as instalacións do Campo de Fútbol "O Couto" situado na Rúa do Serán 1G - 32002 Ourense, con referencia catastral 2784001NG9828S0001RQ respecto das seguintes superficies situadas na Rúa Carlos Maside, s/n baixo, do Estadio:

Entrada		14.05m <sup>2</sup>
Sala de Xuntas		53.37m <sup>2</sup>
Delegación de Pesca	NIF: V15141328	12.40m <sup>2</sup>
Federación Galega de Hockey	NIF: V32172058	35.51m <sup>2</sup>
Delegación de Fútbol Sala	NIF: V15125206	26.75m <sup>2</sup>
Delegación de Baloncesto	NIF: V15115306	27.50m <sup>2</sup>
Federación Galega de Deportes de Inverno	NIF: G32023665	21.03m <sup>2</sup>
Delegación de Fútbol	NIF: G15055890	46.70m <sup>2</sup>
Federación Galega de Esquí Náutico	NIF: G32185738	13.33m <sup>2</sup>
Federación Galega de Colombicultura e Delegación de Voleivol	NIF: G32133951 NIF: V15067978	15.50m <sup>2</sup>
Federación Galega de Ximnasia	NIF: V32023210	43.38m <sup>2</sup>
Delegación de Atletismo	NIF: G15103500	11.02m <sup>2</sup>
Delegación de Caza	NIF: V15117849	23.90m <sup>2</sup>
Pasillo		54.87m <sup>2</sup>



COMPULSADO  
Concorda co orixinal

13 JUL. 2016

Javier Rodríguez López

4



Aseo de Homes	3.83m2
Aseo Adaptado	4.37m2
Aseo de Mulleres	6.91m2
Cuarto de limpeza	3.55m2
SUP. UTIL TOTAL	548,17M2
SUP. CONSTRUÍDA TOTAL	597,05M2

A superficie total do inmoble e de 18.365m<sup>2</sup> e a superficie construída que se vai ceder as Federacións é de 466,85m<sup>2</sup> o que supón unha porcentaxe do 2,54% do total.

- Acordar o outorgamento directo da concesión por concorrer o suposto previsto no artigo 40.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, dadas as circunstancias excepcionais que xustifican o outorgamento as Federacións.
  - Establecer a gratuidade da concesión, de acordo co establecido no apartado 5 do artigo 40 da Lei 5/2011, dado que o aproveitamento das instalacións non trae consigo unha utilidade económica para o concesionario.

#### **Segunda.- Obrigas do concesionario.**

- As Federacións e as súas delegacións deberán, manter e conservar as súas instalacións, así como a parcela na que se ubican en perfecto estado de utilización, funcionamento, limpeza e hixiene, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas. No caso de que se pretendieran levar a cabo obras que superen as de mera conservación e reparación deberá solicitarse autorización previa a Secretaría Xeral para o Deporte quen valorará a súa oportunidade e necesidade e procederá no seu caso a autorizalas.
  - As Federacións e as súas delegacións subscribirán unha póliza de seguro de todo risco, de perdas e danos materiais, polo importe do valor da parcela do inmóvel que se cede. Ademais subscribirase unha póliza de aseguramento de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros. A Comunidade Autónoma de Galicia será a beneficiaria e a asegurada, respectivamente, destas pólizas, que se manterán durante todo o período da concesión, prazo inicial e, se é o caso, prorrrogas.

#### Cuarta.- Vixencia da concesión.

O período de duración desta concesión será de vinte anos contados a partir da sinatura do documento administrativo de formalización da concesión, con posibilidade de prórrogas anuais ata un máximo de 75 anos. Son causa de extinción desta concesión as establecidas no artigo 42 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que lle sexan de aplicación.

O incumprimento das cláusulas da concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador de conformidade co disposto nos artigos 126 e seguintes da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou normativa que a posteriori os substitúan ou de preferente aplicación, podendo levar aparellada a extinción da concesión si o incumprimento así o require.

Á extinción da concesión, os espazos obxecto da mesma con todas as súas instalacións e obras, reverterán na Secretaría Xeral para o Deporte, sen que os concesionarios teñan dereito á percepción de contraprestación algúns pola reversión.

Unha vez transcurrido o prazo máximo da concesión, o concesionario deberá abandonar e deixar libre e a disposición da Comunidade Autónoma as instalacións. En caso contrario, a Administración Autonómica terá a potestade de acordar e executar por si mesma o lanzamento.

En caso de rescate anticipado da concesión as Federacións e as súas delegacións serán indemnizadas polos quebrantamentos materiais xurdidos pola extinción anticipada. O rescate deberá estar baseado nunha circunstancia sobrevida de interese público.

#### Quinta.- Límites da concesión.

A concesión non implica cesión do dominio público, obligándose o cessionario a non traspasar ou ceder mediante calquera negocio xurídico, en forma algúns, os dereitos inherentes a esta concesión.

#### Sexta.- Comisión de seguimiento e interpretación

Para o seguimento do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Tres representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Tres representantes designados polas Federacións cesionarias de entre os seus membros.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Septima.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.**


O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Decreto 50/1989, de 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de Patrimonio de Galicia, as normas básicas da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas e do seu regulamento aprobado por Decreto 307/2009 e a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

Secretario Xeral para o Deporte,



José Ramón Lete Lasa

O Presidente da Federación de Pesca,



José Manuel Rey Alvela

O Secretario da Federación de Hockey,



Antonio Posada Prieto

O Presidente da Federación de Fútbol Sala



Javier Caldas Otero

*COPIA PULSADO CONCORDADA COPIA ORIGINAL*  
*13 JUN. 2016*  
*Fco. Javier Rodríguez López*


O Presidente da Federación de Baloncesto , O Presidente da Federación Deportes Invierno

  
**Francisco Martín Mico**

O Presidente da Federación de Fútbol,

  
**Rafael Louzan Abal**

O Presidente da Federación de Colombicultura,

  
**José Luis Miguelez López**


O Presidente da Federación de Ximnasia

O Presidente da Federación de Caza


  
**Antonio García Reinoso**

  
**Miguel Barreto Lorenzo**


O Presidente da Federación de Esquí Náutico,

  
**Jacobo M. Pereira Vázquez**

O Presidente da Federación de Voleibol

  
**José Ángel Luna Bargo**

O Presidente da Federación de Atletismo

  
**Isidoro Hornillos Baz**



*COMPULSADO*  
Concorda co orixinal  
13 JUL. 2016  
Fco. Javier Rodríguez López